

Casares «chega ao cerebro pasando polo corazón» nos contos de «Vento ferido»

Traducen ao castelán o libro de relatos co que o autor ourensán debutou en 1967

H. J. PORTO REDACCIÓN / LA VOZ

«*Vento ferido* é unha das primeiras mostras de modernidade literaria, europea, da nosa narrativa», enxalza Xosé Carlos Caneiro a obra coa que debutou Carlos Casares (Ourense, 1941-Nigrán, 2002) e que vén de publicarse en castelán traducida por Cristina Sánchez-Andrade para o selo madrileño Impedimenta. Na mesma idea incide o editor, Enrique Redel, que considera que o libro fixo entrar a literatura galega na modernidade grazas a esta ducia de relatos que, sostén, están marcados polo fatalismo e a traxedia e nos que poden acharse ecos de autores fundamentais como Juan Rulfo, e o seu realismo máxico, así como de Marguerite Duras e Cesare Pavese.

Caneiro alude tamén á vella cultura de lareira: «Casares foi o mellor contador de historias que deu a literatura escrita e oral. E *Vento ferido* —incide— é o seu paradigma». O escritor verinés afirma que o lector se atopará, sen dúbida, ante «unha obra clásica», que permanece viva non só pola súa «acertada composición», senón tamén pola visión que ofrece dos tempos escuros da ditadura «coa perspectiva da xuventude e sen caer nos maniqueísmos posteriores —a literatura guerracivilista dos oitenta e noventa —matiza—. Todo isto, di, segue a facer de *Vento ferido* un libro «poderoso, limpo e contundente».

Redel cre que as razóns que fixeron que este título ocasionara «un verdadeiro terremoto en el panorama de la literatura gallega de aquel tempo» seguen a manter a súa vivencia, xa que estes «relatos brevísimos» están gobernados pola brutalidade, o infortunio e a violencia, aspectos que están hoxe moi presentes na sociedade. Tamén hai sitio neles, opón, para o amor, a delicadeza e a tenrura.

«Supoño que como a moitas outras persoas que xa fixemos ou roldamos os cincuenta anos —evoca o xornalista e escritor Xesús Fraga—, a miña primeira lectura de *Vento ferido* coincidiu



Carlos Casares, na década dos anos setenta, nun retrato realizado pola súa muller, Kristina Berg.

neses anos incertos e nebulosos que a infancia non acaba de terminar e a adolescencia non se sabe moi ben que é. Nese contexto vital, a lectura dun relato como *O xogo da guerra* deixou unha pegada moi fonda. A rapazada de Betanzos tiñamos moi preterito aínda os nosos xogos de guerra —con pedras— con algunhas cicatrices como recordatorio. É unha sensación moi estraña atopar nun libro o relato duns personaxes que á vez son tan diferentes pero tamén tan próximos a ti e as túas vivencias. E iso foi o que vimos nas páxinas de Casares: o que nos pasou e o que nos puido pasar pero non foi».

A riqueza da escritura de Casares, argúe, reside, entre outros aspectos, en que posibilita distintos niveis de lectura, que encaixan tanto pouco despois da nenez como na idade adulta. «Co tempo, un volve unha e outra vez ao libro: a idade, as experiencias e a vida modifican a túa perspectiva lectora, pero *Vento ferido* segue ofrecendo argumentos de conexión emocional. Recoñecemos aínda

da na desorientación xuvenil, pero xa nos imos achegando á soledade da senectude. Por iso mesmo é un clásico, porque cando o lemos de novo atopamos algo que sempre estivo aí pero non sabíamos. O libro non é un obxecto estático, inmutable, senón que cambia connosco: acompañaranos sempre», subliña.

Esa calidade atemporal non só está cifrada nos temas que aborda Casares. Se hai perdurabilidade nestes relatos é tamén por como están escritos: «Hai neles —reflexiona Fraga— unha economía de expresión e linguaxe, non falta nin sobra unha palabra. Cada peza ten unha función de seu e, con gran eficacia, cumpre o seu cometido: chegar ao cerebro pasando polo corazón».

Con motivo do décimo aniversario do inesperado pasamento de Casares, no 2012, o editor galego afincado en Barcelona Gonzalo Canedo —que faleceu tamén inesperadamente uns meses despois— publicara no seu selo Libros del Silencio un volume que recompilaba todos os contos e re-

latos do autor ourensán: *Narrativa breve completa*, que reunía as traducións do propio Casares e mais de Xesús Rábade Paredes.

Vento ferido apareceu en Galicia en 1967, e Gonzalo Torrente Ballester saudou ledoo seu enxeño xoguetón e perspicaz, a súa graza de fondas raíces que, «se unha se enrosca no corazón, a outra crávase na intelixencia, e dá como resultado iso tan indefinible que é a flor da literatura». Agora chega ao castelán da man da escritora compostelá Cristina Sánchez-Andrade, que —nun breve epílogo á fermosa edición de Impedimenta— celebra o frechazo que provoca unha escritura que é, di, «una píldora concentrada de humor, dramatismo e economía narrativa», pero que, á súa vez, agocha «un formidable exercicio de estilo y de madurez técnica». Malia súa forte vontade experimental, concede Sánchez-Andrade, hai nesta recompilación de contos un alento nidamente oral, case como se fosen pensados e elaborados para ser escoitados «a carón do lume».

O SON DO AR

A vella do arco

Si, eu son dos que aínda se emociona cun luminoso día de sol en calquera momento do ano ou vendo chover de calquera das formas existentes

na nosa terra. Son dos que se arrepiá, dende o máximo respecto, coas tormentas, e dos que queda pasmado mirando a beleza do maxestoso arco da vella ben debuxado no ceo.

Quizais o que menos me guste, e incluso me resulte particularmente molesto, sexa o vento, e diso tampouco andamos escasos. Aquí en Galicia temos unha sorte de variedade de fenómenos meteorolóxicos como para estar ben entretidos durante todas as épocas do ano.

Tamén entendo perfectamente a fascinación e o medo que poderían ter os nosos antepasados ante estas manifestacións que para eles carecían dunha explicación entendible e cunha perspectiva inzada de connotacións sobrenaturais.

Lembro perfectamente sendo eu neno como cando había trono a miña avoa rezaba, e facíame rezar a min, oracións a Santa Bárbara. Tamén lembro pregarias para que deixase de chover ou mesmo para todo o contrario. Non podemos esquecer que boa parte da nosa economía baseábase fundamentalmente na agricultura. Popularmente cada un coas súas crenzas buscaba solucións a este tipo de situación sempre no alén porque dende o alén, non sabendo explicalas, parecía que viñeran.

Nestes días outonais de choiva, vento e tormentas mesturadas con momentos de sol temos un variado deses nos que as catro estacións do ano pasan nun mesmo día. E a min, particularmente, fóra dalgunhas incomodidades puntuais, encántanme.

Mais se tivese que escoller un destes meteoros quedaríame coa fermosura e o misterio do arco da vella que nestes días mesturados de choiva e sol aparece constantemente. É impresionante o seu cromatismo, o seu trazo e sobre todo moi interesante a cantidade de folclore popular en forma de lendas, cantigas, etcétera, que aínda vive arredor del.

Nunca me deu por ir buscar os tesouros que din que se agochan nos extremos do arco, pero en repetidas ocasións si cavei ao respecto de quen puidese ser a vella dese arco no ceo, quizais unha portadora de grandes poderes sobrenaturais capaz de poder facer todo o que se lle atribúe, que son moitas cousas.

Julia Uceda recibe el Premio de las Letras Andaluzas

R. LOUREIRO FERROL / LA VOZ

La escritora sevillana afincada en Ferrol Julia Uceda ha recibido un nuevo reconocimiento al conjunto de su obra. Se trata del Premio de las Letras Andaluzas Elio Antonio de Nebrija, que otorga —a través de su sección de Andalucía— la Asociación Colegial de Escritores de España. La

ceremonia de entrega tendrá lugar en marzo en el paraninfo de la Universidad de Sevilla.

Esta distinción, que llega ahora a su 14.ª edición, viene a reconocer el carácter «excepcional» de la obra de Uceda, así como el he-



Julia Uceda.

cho de que la autora sea una de las más grandes poetisas vivas de la lengua castellana.

A través del teléfono, desde su casa del valle de Serantes, la escritora dice estar doblemente «contenta» (por el galardón y por su cumpleaños, el 97.º, que fue la semana pasada). Y confiesa que está deseando volver a Sevilla,

donde nació en 1925, para recoger el premio. De muy buen humor, la poeta comenta, incluso, a propósito de su fecha de nacimiento, que aunque todos sus amigos la felicitan cada 22 de octubre, ella en realidad vino al mundo el 21. Lo que ocurre, dice, es que su familia no la inscribió en el registro civil hasta el día siguiente.